



**BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN DO PERSOAL E ALUMNADO  
TRABALLADOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO:  
“CONSTRÚE EN VERDE 2023”**

O *Obradoiro de Emprego “CONSTRÚE EN VERDE 2023”* é un programa mixto de emprego e formación que dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas, subvencionado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, cofinanciado pola Unión Europea e promovido polo **Concello da Santa Comba conveniado cos concellos de Negreira, A Baña e Val do Dubra.**

As especialidades a impartir son as seguintes:

- **ACTIVIDADES AUXILIARES EN CONSERVACIÓN E MELLORA DE MONTES (AGARO309):**

10 alumnos/as.

- **OPERACIÓNS AUXILIARES DE REVESTIMENTOS CONTINUOS EN CONSTRUCCIÓN (EOCB0109) .e OPERACIÓNS AUXILIARES DE ALBANELARÍA DE FÁBRICAS E CUBERTAS.(EOCB0208):**

10 alumnos/as.

A distribución por concellos é a seguinte:

- Concello de Negreira: 5 alumnos/as
- Concello de Val do Dubra: 5 alumnos/as
- Concello da Baña: 5 alumnos/as
- Concello de Santa Comba: 5 alumnos/as

No caso de baixas ou renunciás do alumnado, procederase á súa substitución por alumnado suplente do mesmo concello e no caso de non existir, distribuírse entre os concellos con máis habitantes.

As actuacións a realizar son as seguintes:

- 1.- Rehabilitación do palco da música de San Mamede de Monte - A Baña
- 2.- Construción área de cociña no local social de Suevos - A Baña
- 3.- Rehabilitación do local social de Lañas, Lañas - A Baña
- 4.- Mantemento da vía Mariana - A Baña
- 5.- Acondicionamento da finca Pedra Miñata, O Barro - A Baña
- 6.- Acondicionamento da finca municipal de Tedelle, San Vincenzo - A Baña
- 7.- Pintado e revestido do local social de Landeira - Negreira
- 8.- Cambio da cuberta e pintado exterior do local social de Portor - Negreira



- 9.- Cambio da cuberta e pintado exterior - escola de Covas - Negreira
- 10.- Lavado da cuberta e pintado interior/exterio Teleclub de Chancela - Negreira
- 11.- Mantemento dos camiños forestais na zona de Triáns, Cobas - Negreira
- 12.- Mantemento dos camiños forestais na zona de Trece, Liñaio - Negreira
- 13.- Mantemento dos camiños forestais na zona de Albite - Negreira
- 14.- Mantemento dos camiños forestais na zona de Barbazán, Lobios - Negreira
- 15.- Mantemento dos camiños forestais na zona de Lueiro - Negreira
- 16.- Mantemento dos camiños forestais na zona de Padín - Negreira
- 17.- Mantemento dos camiños forestais na zona de Campolongo - Negreira
- 18.- Mantemento dos camiños forestais na zona de Arzón - Negreira
- 19.- Limpeza campo de fútbol mais zona de depósito de auga de Landeira - Negreira
- 20.- Limpeza da masa común de Vilaserío - Negreira
- 21.- Limpeza campo de fútbol de Portor - Negreira
- 22.- Limpeza parcela albergue Vilaserío - Negreira
- 23.- Limpeza masa común de Lueiro - Negreira
- 24.- Limpeza masa común campo de fútbol Liñaio (ref 15057A508003300000LX) - Negreira
- 25.- Limpeza masa común de Lueiro (ref 15075A034004030000BR) - Negreira
- 26.- Limpeza masa común pista polideportiva Pesadoira (ref 15057A505001580000LY) - Negreira
- 27.- Acondicionamento Edificio Escola - Obradoiro. Santa Comba.
- 28.- Acondicionamento recinto feiral. Santa Comba
- 29.- Acondicionamento Local A Illa. Santa Comba.
- 30.- Acondicionamento Local social de Agrís. Grixoa. Santa Comba.
- 31.- Pintura exterior Escola de Freixeiro. Santa Comba.
- 32.- Pintura exterior escola de Ser. Santa Comba.
- 33.- Acondicionamento exterior Pavillón Fontenla. Santa Comba.
- 34.- Limpeza e acondicionamento Campo da Pereira. Santa Comba.
- 35.- Limpeza e acondicionamento de zonas verdes en Grixoa. Santa Comba



- 36.- Limpeza e acondicionamento Zona verde Vilar de Céltigos. Santa Comba.
- 37.- Limpeza e acondicionamento Zonas verdes en Pragais. Santa Comba.
- 38.- Limpeza e acondicionamento das fincas do Polígono industrial. Santa Comba.
- 39.- Limpeza e acondicionamento da masa común en A Pereira. Santa Comba.
- 40.- Limpeza e acondicionamento Zona piscina Municipal descuberta. Santa Comba.
- 41.- Limpeza e acondicionamento da masa común en Espasandín. Santa Comba.
- 42.- Limpeza e acondicionamento parcela Redondelo. Santa Comba.
- 43.- Limpeza e acondicionamento do lavadoiro As Dormas, Santa Catalina. Santa Comba.
- 44.- Reparación de paramentos na base de protección civil de Bembibre - Val do Dubra
- 45.- Adecuación de instalacións na área de autocaravanas, Bembibre - Val do Dubra
- 46.- Reparacións nos vestiarios do campo de fútbol da Telleira - Val do Dubra
- 47.- Reparacións no Pavillón, Bembibre - Val do Dubra
- 48.- Reparacións na fachada e cuberta da casa escola de Buxán - Val do Dubra
- 49.- Reparacións na fachada e cuberta exterior do local social de Arabexo - Val do Dubra
- 50.- Limpeza da finca de Quintáns, Paramós - Val do Dubra
- 51.- Limpeza da finca do antigo vertedoiro de lixo en Bembibre - Val do Dubra
- 52.- Acondicionamento de árbores na finca da área recreativa de Bembibre - Val do Dubra
- 53.- Limpeza da finca do entorno do punto limpo de Bembibre - Val do Dubra
- 54.- Limpeza da finca en A Enfesta, Bembibre - Val do Dubra
- 55.- Limpeza da finca en Insua, Portomouro - Val do Dubra
- 56.- Limpeza da finca Pedra do Home, Portomouro - Val do Dubra
- 57.- Limpeza Braña Os Allos, Bembibre - Val do Dubra.

O obradoiro terá unha duración de **12 meses** e formará a **20 alumnos/as traballadores/as**.

O alumnado traballador/a será contratado, baixo a modalidade de contrato de formación en alternancia e o aprendizaxe coas particularidades que establece a disposición adicional primeira do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e o aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, e percibirá as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente. Contratarase ao seguinte persoal para o obradoiro de emprego:

- **1 director/a** (xornada completa)



- 1 Mestre/a da especialidade de actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (xornada completa).
- 1 Mestre/a da especialidade de operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción (xornada completa).
- 1 mestre/a da especialidade de operacións auxiliares de albanelaría de fábricas e cubertas (xornada completa).
- 1 titor/a (ao 50 % da xornada).

En vista da normativa exposta propónse un sistema de selección que se fundamenta nos seguintes procedementos:

### 1.- COMISIÓN DE SELECCIÓN:

A comisión de selección ou grupo de traballo mixto estará formada por cinco persoas (Presidente/a, Secretario/a e tres vogais), representantes de cada concello participante no obradoiro. A presidencia da comisión recaerá na persoa que representa á entidade promotora. **Ningunha persoa interesada en formar parte do persoal do obradoiro poderá formar parte da comisión de selección, nin auxiliar á mesma nas tarefas de selección.**

A comisión de selección considerárase validamente constituída coa participación nas sesións de traballo de, polo menos, tres dos seus compoñentes.

As decisións da comisión de selección tomaranse por unanimidade ou pola maioría simple dos membros presentes. A persoa designada como presidente/a, coa finalidade de dirimir os posibles empates nas votacións, disporá de voto de calidade.

Se, por calquera causa, no momento no que teñan lugar as reunións da Comisión de selección algún dos seus compoñentes non puidera acudir, será substituído/a pola persoa que para o efecto fose designada como suplente pola entidade promotora.

O presente proxecto terá como **data límite prevista para o seu inicio o 11/12/2023**, segundo se establece na Resolución de concesión da subvención de data 16/11/2023

A comisión de selección estará integrada polas seguintes persoas:

- ✓ Dona Cristina Pereira Ulla, Técnico de Formación e Emprego do Concello de Santa Comba, en calidade de presidenta e representante do Concello de Santa Comba, entidade promotora, e Dona M<sup>a</sup> Magdalena Ordóñez Vilar, funcionaria administrativa do Concello de Santa Comba, como suplente da mesma.
- ✓ Dona Mónica Tomé Rey, traballadora do Concello da Baña, en calidade de vogal e Dona Vera Lucía Antelo Suárez, funcionaria do Concello da Baña, como suplente da mesma.
- ✓ Dona Sonia Ponte Esturao, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Negreira, en calidade de vogal e Sonia Nieto López, Orientadora Laboral do Concello de Negreira, como suplente da mesma.
- ✓ Dona Ana Lucía Calviño Canedo, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de



Val do Dubra, como vogal e representante do Concello de Val do Dubra, e Dona M<sup>a</sup> del Carmen Noya Iglesias, educadora familiar do Concello de Val do Dubra, como suplente da mesma.

✓ Dona Luz M<sup>a</sup> Vieito, Técnico de Recursos Humanos do Concello de Santa Comba, en calidade de Secretaria da comisión de selección e Don Herminio Blanco Agra, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Santa Comba e suplente da mesma.

## 2.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN ALUMNADO-TRABALLADOR/A:

**Localidade:** Ámbito dos Concellos da Baña, Val do Dubra, Negreira e Santa Comba. No caso de non atoparse candidatos/as suficientes, a sondaxe ampliaríase ao resto dos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

**Idade:** Igual ou superior aos 18 anos.

**Situación Laboral:** Persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego; e que teñan solicitado algún dos seguintes servizos; Escolas Taller Programas (320), Casa de Oficio (330), Taller de emprego (340) Outros programas de emprego e formación dual (370) e demandantes de emprego que se atopen na situación administrativa de suspensión 699 “suspensión específica programas experimentais de emprego”, sempre que cumpran os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe durante toda a duración do obradoiro.

**Criterios preferentes de selección:** A comisión de selección aplicará os criterios preferentes de selección que figuran nos artigos 2, 10, 11 e 12 da Orde do 21 de abril de 2023 (DOG núm. 85, do 4 de maio de 2023), segundo baremo establecido no Anexo I que se xunta..

O número máximo de candidatos/as a preseleccionar será determinado pola comisión de selección, e o máximo será, se é posible, **de 3 por praza**.

A entidade promotora tramitará a correspondente oferta na **Oficina de emprego de Santiago Norte**, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas pola comisión de selección.

Concluída a sondaxe, será a entidade promotora e os concellos conveniados os que se encarguen de comunicarlle ás persoas preseleccionadas pola oficina de emprego; o lugar, data e hora para a realización da proba escrita, que sempre terá lugar con anterioridade á baremación de méritos.

Así mesmo, tamén se comunicará a cada candidato a data límite e o lugar para a presentación da documentación acreditativa dos méritos sinalados nas bases da convocatoria.

O alumnado que se seleccione deberá manter o cumprimento dos requisitos de selección na data da súa incorporación ao proxecto, establecidos no artigo 11 da Orde reguladora do 21 de abril de 2023.

A selección definitiva dos/as 20 alumnos/as e a súa distribución por especialidades, de ser o caso, será efectuada pola comisión de selección, que aplicará o baremo que figura como anexo I, por medio do que serán avaliadas as circunstancias persoais e profesionais dos/as candidatos/as remitidos/as pola oficina de emprego e unha proba escrita, que será previa á aplicación dos criterios obxectivos, co obxectivo de



avaliar o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo.

Os/as candidatos/as procederán a rexistrar a documentación necesaria **no mesmo día** da realización da proba escrita, unha vez rematada a mesma, a efectos de baremación.

- Orixinal do DNI ou NIE.
- Orixinal do certificado de minusvalía no caso de que acredite un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Certificación dos servizos sociais do concello respectivo de ser beneficiario/a do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia (Risga) ou algunha de pertenza a colectivo desfavorecido.
- Os apartados de protección por desemprego, de antigüidade por desemprego e de ter prevista a realización deste tipo de medidas no Itinerario de Inserción Profesional serán puntuados a través da información que figure na base de datos do Servizo Público de Emprego de Galicia, para o que os/as interesados/as deberán prestar consentimento para a súa consulta. Quen o desexe poderá aportar documentación acreditativa adicional para a súa puntuación ou autorizar a súa consulta.
- Declaración xurada de ter, ou non, participado anteriormente en: Escolas Taller Programas, Casa de Oficio, Taller de emprego, Outros programas de emprego e formación dual.
- No caso de ser vítima de violencia de xénero acreditar dita condición ante a Comisión de Valoración a través de calquera das seguintes formas:
  - a) Certificación da orde de protección ou da medida cautelar vixente, testemuño ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
  - b) Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero.
  - c) Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia, auto de apertura de xuízo oral ou documento equivalente en que conste a existencia de ditos indicios.
  - d) Informe actualizado dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local no que se recolla dita condición.
  - e) Modelo común para a acreditación da situación de violencia de xénero, adoptado en cumprimento do previsto no parágrafo segundo do artigo 23 da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral fronte a violencia de xénero.

Toda documentación non presentada no prazo establecido non se terá en conta a efectos de baremación, suporá 0 puntos nese apartado.

A data de referencia que se tomará a efectos de baremo será a do día que fixe a Comisión de Valoración unha vez establecido o calendario.

Unha vez rematada a proba escrita farase pública a puntuación da mesma na Sede electrónica do concello promotor e dos concellos conveniados, así como na páxina web do concello promotor.

As persoas que non presenten a documentación ou que non acudan ás convocatorias das distintas fases do proceso quedarán excluídas.



Unha vez rematado o proceso selectivo, a entidade promotora publicará as puntuacións finais das persoas participantes no procedemento que será a suma dos puntos acadados nas diferentes fases do procedemento realizado. Determinarán a orde de prelación, constituíndo a proposta para a súa posterior contratación como alumno/a traballador/a pola entidade promotora. Elaborarase unha listaxe de reserva segundo a orde de puntuación acadada e, de producirse baixas ou renuncias durante o prazo permitido para incorporar novo alumnado, recorrerase a ela.

A relación provisional das puntuacións outorgadas serán expostas nos taboleiros de anuncios da Sede electrónica e web do concello promotor e na Sede electrónica dos concellos conveniados e na mesma resolución figurará o prazo de alegacións.

Unha vez elaborada a listaxe de alumnos/as-traballadores/as propostos/as, a entidade promotora remitirá á correspondente Oficina de Emprego para verificar que cumpren os requisitos para poder participar no proxecto. Se algún/ha candidato/a proposto/a non cumprira ditos requisitos, a Oficina de Emprego comunicarllo á entidade promotora para que poida ser substituído/a pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

### 3.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO:

Unha vez ditada a resolución de concesión de subvención para o obradoiro de emprego, a entidade promotora tramitará a correspondente oferta de emprego na Oficina de emprego de Santiago Norte, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas.

O procedemento utilizado consistirá na oferta de emprego, na que se adecuará o perfil das persoas candidatas aos baremos que se achegan nas páxinas seguintes. As persoas candidatas forzosamente deberán estar inscritas na oficina de emprego como demandantes de emprego ou en mellora de emprego e terán preferencia as persoas que en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido **se atopen en situación de desemprego (artigo 12.5)**.

A comisión de selección determinará o número máximo de candidatos/as a preseleccionar para cada praza, debendo considerar, na medida do posible, **tres candidatos/as por posto**.

O ámbito da sondaxe será os Concellos da Baña, Val do Dubra, Negreira e Santa Comba, ampliándose, no caso de non obterse os/as candidatos/as suficientes, aos outros concellos **do ámbito territorial da oficina de emprego á que pertencen os catro concellos participantes** e, de ser necesario, a toda a provincia.

A comisión de selección comunicará aos/ás candidatos/as preseleccionados/as mediante notificación electrónica e chamada telefónica a data, lugar e hora para a realización da proba escrita, así como o prazo de presentación da documentación xustificativa do currículo acreditativa dos seus méritos (Anexo II).

- A titulación académica, que se xustificará co correspondente título académico oficial. Dita titulación mínima unicamente se terá en conta para determinar á admisión da persoa aspirante ao proceso selectivo e non poderá ser obxecto de valoración posterior.



- Valorarase posuír unha titulación académica distinta á mínima esixida para participar no procedemento selectivo sempre que a complemente ou estea relacionada coas funcións a desenvolver
- Os cursos realizados, de 20 horas ou máis que estean relacionados coas funcións a desenvolver que se xustificarán cos correspondentes diplomas. Os cursos de menos de 20 horas, xornadas, congresos, simposios, etc., non se valorarán, nin os que na súa documentación acreditativa non figure a súa duración en horas.
- Coñecemento do idioma galego: Xustificarse co título ou certificación do Celga correspondente. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.
- A experiencia profesional, que deberá xustificarse:
  - ✓ Traballo por conta allea: Informe de vida laboral acreditado xunto cos contratos de traballo ou certificados de empresa, sempre que poida acreditarse a categoría profesional desempeñada, computándose as horas efectivas traballadas.
  - ✓ Traballadores autónomos: Alta no imposto de actividades económicas acompañada de informe de vida laboral. No caso de non estar obrigado, documento que lle exima de obriga de cotizar. No caso de que non exista unha constancia clara das funcións ou ocupacións desempeñadas poderán xuntar certificacións de servizos prestados ou acreditación da colexiación de ser o caso.
  - ✓ Aquelas persoas que impartiran formación relacionada co posto a ocupar pódeno acreditar mediante presentación da declaración censal e factura correspondente.
  - ✓ Traballos no estranxeiro: Certificación oficial con tradución xurada na que conste a profesión desempeñada e os períodos traballados.
  - ✓ Valoraránse os períodos de meses completos de traballos tanto por conta propia como allea. Se as bases establecen un tempo mínimo de experiencia profesional e/ou docente para acceder ao proceso selectivo, o dito período condicionarará a admisión do aspirante á selección pero non poderá ser obxecto de valoración posterior.

Despois da realización da proba escrita, os/as candidatos/as procederán a rexistrar dita documentación a efectos de baremación no Rexistro Xeral do concello onde se realicen as probas.

As persoas candidatas preseleccionadas que non cumpran cos requisitos de titulación ou experiencia profesional mínima requerida quedarán excluídas do proceso selectivo.

Unha vez realizadas as correspondentes probas escritas farase pública a puntuación da mesma na Sede electrónica dos concellos participantes e na páxina web do concello promotor.

### 3.1 Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas

Os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas nas puntuacións finais son, por orde de prelación:







- a. A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- b. O maior tempo acreditado como desempregado/a (derradeira inscrición na Oficina de Emprego)
- c. A puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.
- d. A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
- e. A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
- f. A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.

#### 4. PUBLICACIÓNS E/OU NOTIFICACIÓNS:

A comisión de selección acordará a publicación dos resultados, e tamén a publicación ou notificación, no seu caso, dos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses das persoas candidatas de acordo sempre co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nos taboleiros de anuncios da sede electrónica dos concellos participantes, páxina web e na Oficina de emprego de Santiago Norte e concello promotor.

#### 5. INCIDENCIAS

A comisión de selección queda facultada para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento deste proceso de selección e en todo o non previsto nas bases, así como para a interpretación destas, e tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento do proceso con arranxo ao sentido e contido das propias bases.

En Santa Comba, a 22 de novembro de 2023.

A comisión de selección:

##### Presidenta

Cristina Pereira Ulla  
Técnica formación Concello Santa Comba

##### Secretaria.

Luz Mª Vieito Díaz  
Técnica RR.HH. Concello Santa Comba

##### Vogais;

Sonia Ponte Esturao  
AEDL Concello de Negreira

Ana Lucía Calviño Canedo  
AEDL Concello de Val do Dubra.

Mónica Tomé Rey,  
Traballadora Concello da Baña



**BASES ESPECÍFICAS ALUMNO – TRABALLADOR E PERSOAL DO OBRADOIRO DE EMPREGO: CONSTRÚE EN VERDE.**

**ANEXO I – PROCESO PARA A SELECCIÓN ALUMNOS/AS TRABALLADORES/AS.**

**1) PROBA ESCRITA**

Valoraranse o interese da persoa preseleccionada en participar no proxecto e as súas aptitudes, capacidades e coñecementos, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo, non sendo eliminatória e corresponderalle un 60% da puntuación máxima do proceso.

A puntuación máxima establecida sumaría **62,50 puntos** e divídese da seguinte forma:

- **Proba escrita, puntuación máxima 37,50 puntos (60%)**
- **Valoración de méritos, puntuación máxima 25 puntos (40%)**

**2) BAREMO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO DOS OBRADOIROS DE EMPREGO (30 puntos)**

MULLERES	Mulleres	<b>1 punto</b>
	Mulleres vítimas de violencia de xénero	<b>3 puntos</b>
IDADE	18-44 anos	<b>2 puntos</b>
	45 anos ou máis	<b>3 puntos</b>
DISCAPACIDADE	Grado de discapacidade: = >33%	<b>1 punto</b>
PROTECCIÓN DE DESEMPREGO	Perceptores de desemprego	<b>1 punto</b>
	Perceptores de subsidios	<b>1 punto</b>
	Non perceptores	<b>3 puntos</b>
TEMPO DE DESEMPREGO DENDE O ÚLTIMO TRABALLO	Menos de 0 a 12 meses	<b>1 puntos</b>
	Máis de 12 meses	<b>3 puntos</b>
PERSOAS EMIGRANTES RETORNADAS	Baixa Consular ou outra documentación acreditativa de dita circunstancia.	<b>1 punto</b>
PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL	Persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia (Risga) ou colectivo desfavorecido	<b>2 punto</b>
OUTROS	Por ter prevista a realización deste tipo de medidas no seu Itinerario de Inserción Profesional (IPI)	<b>4 puntos</b>
	Non ter participado anteriormente en: Escolas Taller Programas, Casa de Oficio, Taller de emprego, Outros programas de emprego e formación dual.	<b>4 puntos</b>



A comisión de selección establece como criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, por orde de prelación, os seguintes:

- a) Non ter participado nunca nun Programa de emprego, Obradoiro de Emprego.
- b) A menor cualificación profesional.
- c) Maior tempo acreditado como desempregado/a (derradeira inscrición na Oficina de emprego).

## ANEXO II.- PROCESO DE SELECCIÓN DUN/HA DIRECTOR/A

\*\*\*\*\*

### FUNCIONS:

Encargarase da coordinación xeral do obradoiro de emprego, e dos medios humanos e materiais, sendo a persoa responsable das relacións co exterior: Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, entidade promotora e empresariado. Levará a cabo a xestión e a supervisión económica do proxecto, así como das actuacións e servizos que se desenvolvan no mesmo.

Así mesmo coordinará e supervisará os aspectos técnicos e formativos do proxecto e fará o traballo administrativo, e responsabilizarase de impartir a formación: Formación Empresarial e Informática.

En xeral estará encargado do bo funcionamento do Obradoiro, concretamente:

1. Elaborar, xunto co equipo docente, a proposta do plan de actuacións.
2. Presentar ante a Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e ante os Concellos da Baña, Val do Dubra, Negreira e Santa Comba as memorias periódicas e finais, os datos da xestión orzamentaria da execución das obras, e a preparación da información e documentación necesaria para a compra ou alugueiro de material ou maquinaria e as tarefas de administración necesarias.
3. Coordinar a programación didáctica, de conformidade co plan formativo do proxecto e o certificado de profesionalidade.
4. Supervisar a formación do alumnado-traballador/a e a labor educativa do persoal docente.
5. Facilitar a inserción laboral do alumnado- traballador/a durante o proxecto.
6. Controlar o cumprimento das obrigas de todo o persoal do obradoiro, asistencia, puntualidade, comportamento no posto de traballo; todo en consonancia co regulamento de dereitos e deberes do alumnado.
7. Propoñer, organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado-traballador/a.
8. Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.



9. Impartir a formación complementaria relativa ao módulo transversal de xestión empresarial e ao módulo de Alfabetización Informática .

10. Levará a cabo a xestión económica e administrativa do programa de emprego.

Será contratado/a a tempo completo.

### REQUISITOS MÍNIMOS:

A sondaxe realizarase pola ocupación de “Director/a de centro educativo”.

Experiencia profesional mínima na ocupación de **12 meses**, requisito mínimo de acceso e non valorable.

### PROBA ESCRITA: Puntuación máxima 21 puntos (60%)

